



ANUNCIO de requirimento de xestión da biomasa

Ante a imposibilidade de practicar a comunicación, unha vez intentada, ás persoas titulares das parcelas coas referencias catastrais que se relacionan a continuación, de conformidade co disposto no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, publícase a comunicación de xestión da biomasa, coa finalidade de que no prazo de quince (15) días naturais, que se contarán dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial do Estado* (BOE), para que as persoas interesadas no procedemento procedan á xestión da biomasa, segundo o establecido nos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia, así como á retirada de especies arbóreas prohibidas ás que se refire o artigo 22 da citada lei.

A eficacia do acto notificado quedará demorada ata a publicación deste anuncio no taboleiro edictal único (TEU) do *Boletín Oficial do Estado* (BOE).

Así mesmo, comunícaselles ás persoas responsables que o contido íntegro das anteditas notificacións, así como da totalidade dos expedientes administrativos, está á súa disposición no Departamento de Urbanismo do Concello de Fene, sito no segundo andar do edificio do Concello, Praza do Alcalde Ramón José Souto, s/n. Fene.

Número de expediente	Referencia catastral	Localización
2023/DU001/000013	15036A004000350000YK	O Revoltiño (Sillobre. Fene)

Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde en funcións, Juventino José Trigo Rey